

MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO POLO DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO DE FERROL

Tal e como establece o artigo 43 do Decreto 147/2024, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, como órgano de dirección directamente dependente da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, asumirá, entre outras funcións, as competencias de apoio ao emprendemento durante todas as fases da actividade emprendedora, tanto as actuacións necesarias para o comezo da actividade como a súa realización efectiva posterior, e incluírá a implementación e mantemento, con servizos de asesoramento, mentoría (mentoring), así como de apoio económico ou doutra índole, ao crecemento e o mantemento do emprego, e cantas funcións lle sexan atribuídas por parte da persoa titular da Secretaría Xeral e, en particular, a coordinación coas restantes direccións xerais da Consellería, así como cos outros centros directivos ou organismos da Comunidade Autónoma en todo canto se trate de actuacións vinculadas ao emprendemento, crecemento e mantemento de emprego.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social asume a xestión directa e indirecta e a coordinación da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia.

Dentro da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego que ven despregando a Xunta de Galicia desde o ano 2022 figura o Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que rexe a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña (en adiante Cámara de Comercio), para garantir o funcionamento do Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol, por ser esta última institución a idónea para prestar os servizos propios do referido Polo, tal e como se explica pormenorizadamente na memoria xustificativa que forma parte deste expediente.



O Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol abrangue na súa área de actuación os concellos enumerados no anexo I do convenio.

O orzamento deste convenio ascende a douscentos sesenta e catro mil euros (264.000 €), dos que serán achegados pola Consellería douscentos corenta mil euros (240.000,00 €), para o que existe crédito axeitado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral de Traballo autónomo e Economía Social, con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.322C.640.4 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	25.000 €
2026	120.000 €
2027	95.000 €
TOTAL	240.000 €

CLASIFICACIÓN DO GASTO

Sección 14: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Servizo 04: Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Programa 322C: Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo

640.4: Actividades de promoción e difusión da rede de Polos de Emprendemento

ENCAIXE NO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2022-2030

Este convenio, con cargo ao código de proxecto 2024 00080, ten o seguinte encaixe no Plan Estratéxico de Galicia, dentro das principais liñas de actuación de carácter estratéxico:

EIXE: *E1 O reto demográfico*

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN: *PA01 Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.*

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: *OE03 Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a*



creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo.

OBXECTIVO OPERATIVO: *0002 Programas de promoción do autoemprego e apoio ao emprego autónomo.*

Respecto das actuacións comprendidas no convenio, a execución das mesmas ascende a un total de douscentos sesenta e catro mil euros (264.000 €), dos que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará douscentos corenta e mil euros (240.000 €), e a Cámara de Comercio achegará vinte e catro mil euros (24.000,00 €), así como o uso das instalacións da Cámara de Comercio sitas na rúa María, 158, no Concello de Ferrol e valoradas en trescentos mil euros (300.000,00) €:

- Achega da Consellería:

Tipoloxía actuación	Total previsto
Obras de acondicionamento do local e dotación de mobiliario e equipos informáticos	29.600,00 €
Gastos de persoal	167.915,00 €
Gastos por prestación de servizos profesionais (asesoramento, formación, ...)	42.485,00 €
TOTAL	240.000,00 €

Neste convenio, o custos salariais calculáronse para un período de doce (24) meses, tendo en conta o Convenio Colectivo vixente para oficinas e despachos en Galicia, para un titulado superior cunha antigüidade de 10 anos e os complementos salariais correspondentes.

Para a estimación do custo pola prestación de servizos profesionais, como son as actividades de formación, actividades de networking e as actividades de asesoramento especializado (mentoring): o custe medio actual para realizar as actividades de formación e networking sitúase en 600 € actividade, esta cifra calculouse de acordo cos prezos actuais que se están pagando por parte dos polos e do Centro de Orientación ao Emprendemento COE para este tipo de actividades.

Para a determinación do prezo de asesoramento especializado calculouse en 75 € hora, xa que é o prezo medio que se está pagando por parte dos polos e do Centro de Orientación ao Emprendemento COE para este tipo de asesoramentos.

Para as actividades de difusión e comunicación tomáronse como referencia os prezos de mercado en actividades de publicidade.



- Achega da Cámara:

Tipoloxía actuación	Total previsto
Gastos correntes de funcionamento (limpeza, seguridade, ...)	24.000,00 €

Por último, expónse a definición dos fitos e obxectivos a acadar ao abeiro do Plan Estratéxico de Galicia:

CADRO DE FITOS E OBXECTIVOS:

Plan Estratéxico	Planificación Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Valor previsto orzamentos 2025 CP 2024 00080	Valor presente convenio	Fito
Plan Estratéxico de Galicia PEG 2022-2030		Actuacións de estudo, difusión e promoción do emprendemento	P00020	300	18	1
		Número de empresas que reciben axuda non financeira	D0C004	500	30	10

Por último, en canto a territorialización do gasto afecta a toda a comunidade autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Marta Mariño Regueiro

